

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA NOVA LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE CAMPAÑAS DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL NA PRENSA ESCRITA DE ÁMBITO LOCAL-LOTE 1- E PRENSA ESCRITA DE ÁMBITO AUTONÓMICO -LOTE 2-.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 57-2024, por un importe total de 4.507,87 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da nova licitación para a contratación dun servizo de campañas de publicidade institucional na prensa escrita de ámbito local -Lote 1- e prensa escrita de ámbito autonómico -Lote 2-:

"O Gabinete de Comunicación municipal en previsto licitar o plan de medios cuxa partida está incluída no orzamento de Desenvolvemento Local. Para completar a consignación, é necesario transferir o importe de 4.454,38 € da partida 24100.48900 (RC 23818) e 53,49 € da partida 24100.44000 (RC 15924), por ser ambos importes que xa non son necesarios no capítulo IV, polo que se precisa transferir á partida 24100.22602 do capítulo II

IMPORTE	PARTIDA	PARTIDA	IMPORTE
4.454,38 €	24100.48900	24100.22602	
53,49 €	24100.44000	24100.22602	
			4.507,87 €

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1620/2024, do 15.11.2024 así como o RCMOD Ref.: 75471/2024 e RCMOD Ref.: 75474/2024, por importe de 4.507,87 €, do 12.11.2024

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, e son indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac7196310117926306666.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 57-2024 Plan de Medios

Neste caso, débese considerar que corresponde a aplicacións do mesmo programa de gasto, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais, e, segundo a documentación que inicia o expediente, procede regularizar a situación posto que o contrato de plan de medios atópase vencido, o que orixina reparos por parte da intervención.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 4.507,87 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
24100.48900	4.454,38 €	24100.22602	4.507,87 €
24100.44000	53,49 €		
TOTAL	4.507,87 €		4.507,87 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.